

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RÁDIO E
TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., DE DATA 9 DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E
CATRO, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONVOCATORIA DE
SELECCIÓN DE PROXECTOS DE CONTIDOS DIXITAIS.


En virtude das funcións atribuídas nas aliñas *b* e *i* do Artigo 26.2. da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”,

RESOLVO

Regular o procedemento de selección de Contidos Dixitais de acordo co establecido no documento anexo.

En Santiago de Compostela, a 9 de xuño de 2025

O DIRECTOR XERAL DA CRTVG



The image shows a handwritten signature in blue ink, which appears to be "Asdo. Alfonso Sánchez Izquierdo". This signature is placed over the official logo of the Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG). The logo consists of the acronym "CRTVG" in a bold, sans-serif font, with a stylized graphic element to its left. To the right of the acronym, the text "CORPORACIÓN RADIC E TELEVISIÓN DE GALICIA" is written in a smaller, all-caps font, followed by "Dirección Xeral" below it.

Dirección Xeral da CRTVG

Resolución do 9 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases para a convocatoria de selección de proxectos de Contidos Dixitais.

Índice

I. INTRODUCIÓN	1
II. OBXECTO DA CONVOCATORIA	2
Entidades interesadas	2
Empresas proxtantes	2
Subcontratación	3
III. CATEGORÍA DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS.....	3
IV. USO DA LINGUA GALEGA	4
V. DOTACIÓN ORZAMENTARIA.....	4
VI. FORMA/LUGAR DE PRESENTACIÓN	5
VII. PRAZOS DE PRESENTACIÓN.....	5
VIII. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.....	5
Documentación necesaria para o rexistro inicial	5
Documentación requerida tras a resolución e a súa notificación.....	6
IX. CRITERIOS DE VALORACIÓN	7
X. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN	9
Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación	9
Análise e valoración.....	10
Resolución	10
XI. ADQUISICIÓN DE DEREITOS.....	10
XII. DEFINICIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN.....	11
XIII. ESPECIFICACIÓN TÉCNICAS E LISTADO DE MATERIAIS	12
XIV. APROBACIÓN DA CALIDADE DOS CONTIDOS	14
XV. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL	14
XVI. RÉXIME XURÍDICO	15
XVII. ENTRADA EN VIGOR	15

I. INTRODUCCIÓN.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (en adiante, Corporación RTVG) ten como finalidade ser un servizo de calidade dunha maneira eficaz, con garantía da súa independencia e obxectividade.

A Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, (DOG N° 53, do 18 de marzo de 2025), regula no seu artigo 2.2, o mandato da prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Igualmente na Disposición derradeira segunda da citada Lei, prevese que a actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., mude a súa denominación para asumir a da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., nun prazo máximo de tres meses dende a súa entrada en vigor, e logo da aprobación da reforma dos estatutos sociais que modifiquen a denominación actual da sociedade, e realicen as demais adaptacións ao establecido na nova normativa en vigor.

Así as cousas, en tanto non se leve a cabo a referida modificación dos estatutos da actual entidade na que se recollan a nova denominación social e demais adaptacións, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (en adiante Corporación RTVG), debe asegurar o cumprimento da misión de servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia que ten encomendada.

Ao teor do artigo 4 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o artigo 8 do Mandato Marco, a Corporación RTVG como servizo público ten como principio impulsar a industria audiovisual e fomentar a participación.

Por todo iso, ante a revolución dixital que estamos vivindo, a Corporación RTVG busca promover a creatividade nestes medios buscando novas formas de producción de contidos multiplataforma e/ou transmedia que veñan a incrementar o catálogo dixital que a Corporación RTVG oferta ao seu público.

A Corporación RTVG pretende xerar contidos dixitais de calidade asociados á Corporación RTVG que pola súa orixinalidade e relevancia permitan novas formas de conectar coa audiencia así como atraer potenciais novos consumidores de contidos audiovisuais. Quere buscar contidos que incorporen innovación e modernidade na forma de achegalos ao espectador, que promovan a interacción e que destaque pola orixinalidade da súa estrutura narrativa e enfoque.

Tamén pretende facilitar o acceso a contratación coa Corporación RTVG a pequenas empresas ou profesionais individuais que poden ter máis dificultades para presentar proxectos destinados a unha emisión por medios tradicionais e cun orzamento máis elevado.

Polo anterior, e sen prexuízo do establecido na Modificación de Resolución do 4 de abril de 2022 pola que se establece o procedemento de presentación de proxectos de

producións audiovisuais, a Corporación RTVG establece un procedemento singular e extraordinario para a selección de contidos dixitais.

II. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é seleccionar quince (15) proxectos destinados inicialmente para a publicación a través da plataforma Agalega e/ou Xabarín e calquera outra plataforma dixital presente ou futura da Corporación RTVG.

O orzamento total de cada proxecto non poderá superar:

- Ficción 35.000,00€, más a cota de IVE.
- Entretenimento 26.000,00€, más a cota de IVE.
- Divulgación 26.000,00€, más a cota de IVE.
- Infantil// Edutainment 26.000,00€, más a cota de IVE.
- Videopodcast 6.000,00€, más a cota de IVE.

Os proxectos presentados deben ser inéditos, integralmente orixinais e que non foran postos a disposición do público a través de internet, ben sexa en páxinas web, plataformas de contidos, podcast, redes sociais calquera que sexa a modalidade de uso (streaming, downloading, etc), excepto novas temporadas de proxectos presentados en anteriores convocatorias.

Sobre os proxectos seleccionados a Corporación RTVG adquirirá determinados dereitos de explotación. O importe que aboará a Corporación RTVG por estes dereitos será o do orzamento do proxecto, cos límites máximos establecidos para tipo de proxecto.

Entidades interesadas.

Poderán presentar as propostas de contidos dixitais todas as persoas físicas ou xurídicas constituídas como produtoras independentes e dadas de alta no IAE.

 Entenderase por produtora independente, aos efectos desta resolución, toda persoa física ou xurídica que non estea vinculada de forma estable nunha estratexia empresarial común a un prestador de servizos de comunicación audiovisual obrigado a cumplir o disposto nos artigos 117 a 119 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, que asume a iniciativa, coordinación e risco económico da producción de programas ou contidos audiovisuais, por propia iniciativa ou por solicitude, e que, a cambio dunha contraprestación, os pon a disposición do devandito prestador de servizos de comunicación audiovisual.

Cando a persoa xurídica sexa unha agrupación de interese económico (AIE), os requisitos citados deberán ser cumpridos por todas as empresas que a integran no momento da súa constitución.

Empresas solicitantes

A sinatura do contrato será realizado coa empresa titular dos dereitos de propiedade da obra audiovisual na medida en que sexan necesarios para a súa explotación e comercialización desta.

En caso de empresas coproductoras, a sinatura de contrato implicará a todas as empresas titulares dos dereitos de propiedade da obra audiovisual na medida en que sexan necesarios para a explotación e comercialización, salvo que no contrato de coproducción se reserve explicitamente dito derecho en favor da empresa solicitante para asinar coa Corporación RTVG.

Só poderán participar neste procedemento as empresas solicitantes que teñan unha participación igual ou superior ao 20% na producción audiovisual presentada á convocatoria.

Os solicitantes non poderán ter vínculo laboral coa Corporación RTVG.

Non poderán presentar propostas aquelas empresas que teñan pendentes a presentación ou pagos vencidos de liquidacións por contratos audiovisuais anteriores.


Subcontratación.

A PRODUTORA deberá indicar se ten previsto subcontratar con terceiros a realización parcial da obra.

Considérase subcontratación o encargo a un terceiro da execución de calquera parte da obra audiovisual incluída na actividade principal da produtora.

No caso de concertar con terceiros a realización parcial da obra deberase indicar á Corporación RTVG a actividade subcontratada, a porcentaxe que supón sobre o orzamento total da obra e a identidade do/s subcontratista/s.

Non se admitiran subcontratacóns superiores ao 75% do orzamento total da obra, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

No caso de subcontratacóns superiores ao 50% do orzamento cun mesmo subcontratista deberase xustificarse os motivos polos que a contratación non se realiza con quen efectúa a maior parte da prestación.

No caso de subcontratacóns superiores ao 30% do orzamento cun mesmo subcontratista, este deberá presentar a declaración responsable que se anexa a este documento.

III. CATEGORÍA DE CONTIDOS AUDIOVISUAIS.

A Corporación RTVG busca a contratación dos seguintes contidos “digital first”:

- 3 propostas deberán ser microespazos/series de ficción. Deberán ter entre 3 e 6 capítulos, poden ser imaxe real ou animación. Difundiranse a través da plataforma Agalega.gal e calquera outra canle de distribución presente ou futura da Corporación.
- 3 propostas deberán ser programas de entretemento en formato longo ou en forma de microespazos. Valoraranse propostas innovadoras e dirixidas a un público

novo. Difundiranse a través da plataforma Agalega.gal e calquera outra canle de distribución presente ou futura da Corporación.

- 3 propostas deberán ser contidos de divulgación e/ou culturais en formato longo ou en forma de serie. Valoraranse propostas cunha vocación clara de servizo público. Difundiranse a través da plataforma Agalega.gal e calquera outra canle de distribución presente ou futura da Corporación.
- 3 propostas deberán ser contidos infantís en forma de microespazos/serie. Valoraranse propostas de 'edutainment' e tamén aquelas que acheguen valor como instrumentos de divulgación identitaria e cultural. Poden ser imaxe real ou animación. Difundiranse a través da plataforma Xabarin.gal e calquera outra canle de distribución presente ou futura da Corporación.
- 3 propostas deberán ser videopodcasts e deberán conter un dos seguintes xéneros narrativos: entretenimento, ficción, divulgación, educación, cultura ou "infotainment" en forma de serie para difundir a través da plataforma AgalegaAudio.gal e Agalega.gal e calquera outra canle de distribución presente ou futura da Corporación.


As pezas deben ser feitas especificamente para o medio dixital, deben empregar as linguaxes audiovisuais propias destas canles, ademais de formaren parte dunha estratexia global característica deste ecosistema.

IV. USO DA LINGUA GALEGA.

A lingua da Corporación RTVG é o galego; polo tanto, a obra deberá ser realizada integralmente en lingua galega conforme as regras da normativa vixente.

V. DOTACIÓN ORZAMENTARIA.

A Corporación RTVG participará mediante financiamento por un importe máximo de trescentos vinte cinco mil euros (357.000,00 €). Este orzamento está distribuído da seguinte forma:



Nº proxectos	Tipo de contidos	Prezo unidad	Total	Plataforma
3	Ficción	35.000,00 €	105.000,00 €	AGalega.gal
3	Entretenimento	26.000,00 €	78.000,00 €	AGalega.gal
3	Divulgación	26.000,00 €	78.000,00 €	AGalega.gal
3	Infantil// Edutainment	26.000,00 €	78.000,00 €	Xabarin.gal
3	Videopodcast	6.000,00 €	18.000,00 €	AGalegaAudio.gal e AGalega.gal
15			357.000,00 €	

Esta convocatoria conta coa existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da mesma no exercicio 2025.

Dentro do orzamento tense que ter en conta a obligatoriedade de inscribir o título na "Oficina Española de Patentes e Marcas".

VI. FORMA/LUGAR DE PRESENTACIÓN.

O rexistro de cada proxecto realizarase a través do enderezo electrónico proxectosav@crtvg.gal.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información adicional a través dos seguintes medios:

Teléfono 881 958 921

Enderezo electrónico: proxectosav@crtvg.gal

Unha mesma persoa física ou xurídica (ou grupo de empresas) poderá inscribir un máximo de dous proxectos por modalidade. En caso de ter enviado o máximo de proxectos poderá desistir dalgún deles para presentar outro novo no seu lugar. En caso de non desistir e superar o máximo de proxectos, só se terá en conta para o rexistro os dous últimos proxectos.

VII. PRAZOS DE PRESENTACIÓN.

As datas de presentación de propostas son dende o 16 de xuño de 2025 ata o 1 de setembro de 2025 ás 15 horas.

Só se admitirán as solicitudes enviadas no prazo sinalado, incluíndo neste prazo toda a documentación requirida para o rexistro. Aquelas solicitudes que estean incompletas ou non sexan presentadas na forma e polas vías establecidas, quedarán excluídas da convocatoria.

VIII. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA.

Documentación necesaria para o rexistro inicial

Para a presentación e rexistro, a solicitude deberá ir axustada aos documentos requeridos nesta resolución, que se especifican a continuación:

1. A ficha de rexistro debidamente cuberta (**ANEXO 1**). O prezo por capítulo ten que vir en dous decimais.
2. Memoria descritiva do proxecto.
3. Estratexias comunicativas e visibilidade das persoas con discapacidade.
4. Guión/Estrutura dun piloto.
5. Memoria de intencións e proposta de estratexia dixital: descripción e motivacións das plataformas ás que vai destinado, obxectivos que se persiguen, "target" ao

que vai dirixido, duración do contido, formato do contido, etc. En caso de que na proposta dixital propoña materiais secundarios, teñen que especificar a cantidade, tipo de formato e duración.

6. Ligazóns de referencias preexistentes do tipo de contido que se propón ou prototipo do proxecto ("trailer", animación dixital, "storyboards", etc)
 7. Descripción e historial do equipo do proxecto.
 8. Orzamento proposto desagregado por partidas. Dentro do orzamento ten que estar desagregado a partida da inscrición do título na "Oficina Española de Patentes e Marcas e tamén o beneficio industrial.
 9. Plan de traballo e calendario de entregas. O prazo inicial ten que indicarse a partir da data de sinatura do contrato e non deberá ser superior aos seis (6) meses desde esa data.
10. Documentación administrativa:
- a. Declaración responsable (**ANEXO 2**).
 - b. Certificación acreditativa da titularidade dos dereitos cedidos (**ANEXO 3**).

Os **ANEXOS** terán que vir asinados polo apoderado da empresa, preferentemente co certificado dixital.


A solicitude dos ANEXOS realizarase a través do endereço electrónico proxectosav@crtvg.gal.

Aquelhas propostas que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obligatorios poderán ser excluídas.

En caso de empregar imaxes de terceiros, terá que acreditarse documentalmente contar con autorización expresa para o seu uso na proposta.

Documentación requerida tras a resolución e a súa notificación.

Unha vez aprobada a contratación da proposta, o Servizo de Xestión procederá á súa comunicación polos mesmos medios da presentación dos proxectos. Nesta comunicación solicitarase a entrega da documentación administrativa precisa. Este será un requisito imprescindible con carácter previo á formalización do contrato por parte do órgano de contratación da Corporación RTVG.

- 
1. Certificado de estar ao corrente das obrigacións tributarias (AEAT e Facenda).
 2. Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social.
 3. Xustificante de pagamento IAE.
 4. Escrituras de constitución e copia autorizada do poder notarial onde se outorga poderes de representación para poder presentar as propostas e asinar o contrato, se procede. En caso de persoa física, o xustificante de alta en autónomos.

5. DNI da/s persoa/s física/s das persoas que van presentar as propostas e asinar o contrato, se procede.
6. Eventualmente, o solicitante poderá ser requerido pola Corporación RTVG para que presente o rexistro da propiedade intelectual.

A Corporación RTVG poderá requisitar á produtora seleccionada o cumprimento dos requisitos anteriores xunto cos restantes documentos necesarios para a preparación do contrato no prazo de 7 días naturais.

As propostas que non acrediten dentro do prazo o cumprimento das obrigacións requiridas ou non presente a documentación en prazo poderán ser excluídas.

Unha vez finalizado o trámite anterior, a Corporación RTVG poderá requisitar á produtora para formalizar o contrato no prazo de cinco días, a contar dende a súa recepción.


Unha vez que os interesados propoñan un título definitivo da obra audiovisual, estes terán que inscribilo na "Oficina Española de Patentes e Marcas".

IX. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

O baremo de valoración atenderá a formulala combinando determinadas dimensións de xuízo distintas para aplicar a cada proxecto presentado, segundo os tipos que configuran a tipoloxía citada, conforme as súas características e as condicións de producción e explotación recollidas nel.

A valoración supoñerá xulgar esas características e condicións desde un criterio fundado en canto, segundo os casos, ao grao en que satisfán as esixencias debidas ou teñen un efecto positivo previsible en esas dimensións.

As dimensións obxecto de valoración son:

- 
- ✓ **Calidade.** Son elementos da calidade, susceptibles pois de valoración: a linguaxe visual proposta en canto ao seu atractivo, actualidade e innovación; a calidade técnica e artística nos seus distintos aspectos segundo o tipo de produto de que se trate; o grao de curiosidade e reflexión que poida xerar no público; o atractivo en razón da estrutura e ritmo que se derive no seu caso do argumento e o/s guión/s; a presenza no elenco técnico e/ou artístico de persoas que constitúan un reclamo para a audiencia; o rendemento funcional que caiba esperar en termos de audiencia e satisfacción de necesidades de programación; o grao de compromiso cos valores éticos e cívico-políticos que conforman a actividade da Corporación. Tamén, para determinados tipos de produtos, o interese e/ou o suxestivo e orixinal do enfoque temático, áinda, se cómpre, o seu rigor; o interese e atractivo dos personaxes; a virtualidade de interacción co público e de proxección nas redes sociais. En todo caso, a contribución ao servizo público encomendado á Corporación RTVG.
 - ✓ **Cultura e identidade socio-cultural.** Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a familiaridade do tema para a audiencia e a súa identificación con el, ou ben a pretensión de revelar ao público aspectos pouco coñecidos da realidade de Galicia e das súas relacións con outros países e xentes; o seu valor divulgativo; a súa contribución para presentar ou construír a identidade colectiva do país; segundo os casos, dar continuidade ou actualizar unha ficción emblemática e/ou un producto

emblemático da Corporación anterior no tempo, o mesmo que, nalgúns, a virtualidade de proxección nas redes sociais.

- ✓ Promoción da lingua galega. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto á normalización lingüística en xeral ou ben en particular, ou propoñer un uso especializado do galego ou en ámbitos que non lle son habituais e, no seu caso, o feito de ter como temática a lingua ou a literatura galegas.
- ✓ Promoción do talento. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a potencial contribución do proxecto para estender o recoñecemento de quen interveñen nel, singularmente sendo profesionais galegos/as, segundo o tipo de producción de que se trate, así como para xerar recoñecementos que outorguen prestixio ao sector audiovisual galego e á Corporación RTVG.
- ✓ Promoción de Galicia. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial dos elementos de producción, contido, posta en escena e visualización para a promoción da imaxe de Galicia en canto país, sociedade, cultura e realidade económico-produtiva.
- ✓ Distribución e comercialización. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: o potencial do proxecto para xerar rendementos adicionais na súa explotación e, segundo os casos, para ser comercializado.
- ✓ Innovación e tecnoloxía. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a adecuación e áinda a superación dos estándares técnicos e tecnolóxicos habituais nos produtos da Corporación; segundo os casos, o seu grao de emprego de formas ou linguaxes propias das novas canles de comunicación, o mesmo que, tratándose de animación, se é innovador na tecnoloxía de xeración de imaxes e/ou animación.
- ✓ Xestión responsable. Son elementos desta dimensión, susceptibles así de valoración: a medida en que o proxecto garante a viabilidade efectiva do deseño de producción comprometido; aquela en que o produto recollido no proxecto ten capacidade para dar continuidade, articulación ou contido básico clave á programación; para ampliar a audiencia total ou o alcance dos medios da Corporación, así como a medida da súa adecuación orzamentaria en comparanza cos outros concorrentes no momento en que é avaliado.
- ✓ Accesibilidade das persoas con necesidades especiais. O elemento desta valoración é a inclusión no proxecto do subtitulado íntegro das locucións e diálogos ou, a maiores, doutros elementos de accesibilidade alén das esixencias normativas mínimas ao respecto.

A valoración máxima susceptible de atinxirse por un proxecto será de 100 puntos. Para valorar os proxectos presentados aplicarase unha puntuación, distribuíndo ese máximo posible 100, dentro duns rangos dados, a cada unha das dimensións devanditas. O peso relativo da valoración máxima desagregada nesta categoría é:

MODELOS DE BAREMO	CONTIDOS DIXITAIS
DIMENSIÓNS DE VALORACIÓN	PUNTOS
CALIDADE	25
CULTURA E IDENTIDADE	7
PROMOCIÓN DA LINGUA	4
PROMOCIÓN DO TALENTO	5

PROMOCIÓN DE GALICIA	7
COMERCIALIZACIÓN	5
INNOVACIÓN E TECNOLOGÍA	5
XESTIÓN RESPONSABLE	40
ACCESSIBILIDADE	2
TOTAL	100

O orzamento da convocatoria irase asignando en función da puntuación do proxecto. Seleccionaranse o número máximo de proxectos establecidos nesta convocatoria entre os que acadan maiores valoracións en función dos criterios establecidos anteriormente, sempre que acadan como mínimo 51 puntos.

Unha vez publicados os proxectos seleccionados, os solicitantes deberán acreditar o cumprimento das obrigas requiridas e presentar a documentación correspondente nos prazos requiridos. En caso de exclusión ou desistir o interesado, a Corporación RTVG poderá asignar a achega económica destes proxectos a outros proxectos non seleccionados por orde de puntuación, sempre e cando acadan como mínimo 51 puntos.

A Corporación RTVG reserva para si a posibilidade de deixar deserta total ou parcialmente a convocatoria no caso de non acadar suficiente número de proxectos que cumplan as condicións establecidas.

X. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Os procedementos concíbense en tres fases:

- ✓ Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación.
- ✓ Análise e valoración.
- ✓ Resolución.

Presentación, rexistro e verificación da corrección formal e suficiencia da documentación.

Para presentar a proposta terá que cubrirse a ficha de rexistro cos datos do proxecto e achegarse telematicamente a documentación requerida. Só se poderá presentar a proposta nos prazos mencionados con anterioridade.

As solicitudes presentaranse obligatoriamente por medios telemáticos.

A partir da verificación por parte do Servizo de Xestión da documentación dun proxecto en canto a que estea completa e con plena corrección formal, as eventuais carencias darán lugar a unha comunicación co seu detalle, que requirirá ao/a propoñente a súa corrección, sexa por emenda sexa por adición de novos datos ou documentos. O prazo máximo para a corrección requerida será de 7 días naturais a partir da súa comunicación. Se o/a propoñente non procede nese prazo á corrección indicada, faráselle saber a exclusión a todos os efectos do proxecto correspondente do procedemento. Esta circunstancia será comunicada aos interesados e as solicitudes afectadas non pasarán á seguinte fase.

Os proxectos rexistrados e coa documentación completa e correcta segundo o descrito serán obxecto de valoración.

Análise e valoración.

A partir da súa remisión por parte do Servizo de Xestión, a valoración das propostas do proxecto audiovisual fará a ÁREA de Contidos de acordo co establecido, aplicando un xuízo fundado e obxectivado mediante o modelo de baremo anterior, xerando deste modo unha puntuación global para cada proposta en razón da obtida nas súas distintas dimensións. Como resultado xerarase un informe de valoración para cada proposta. A puntuación global alcanzada predetermina os efectos da valoración segundo os límiales consignados. En calquera caso, o informe de valoración elaborado pola ÁREA de Contidos presentarase á consideración nunha acta de preselección.

Resolución.

A resolución positiva materializarase nunha decisión da Comisión, a proposta á súa vez da ÁREA de Contidos e previo informe de valoración, de acordo coas normas legais vixentes por parte da Corporación RTVG.

Intruído o procedemento, á vista do expediente de cada proposta en canto veracidade e suficiencia da documentación oficial requirida, da puntuación do informe de valoración e, se cómpre, da certificación e verificación de crédito, a Comisión directiva de Programación instará a resolución que corresponda. Ditada esta, o Servizo de Xestión procederá á súa comunicación, polos medios e nos termos correspondentes, aos/as propoñentes antes de que transcorra un mes desde a celebración da reunión correspondente da Comisión. Ademais, no seu caso, incoará a tramitación do expediente administrativo correspondente para a formalización do contrato entre a Corporación RTVG e os/as propoñentes do proxecto audiovisual de que se trate.

XI. ADQUISICIÓN DE DEREITOS.

Os dereitos que adquirirá a Corporación RTVG a través desta convocatoria serán os dereitos de reproducción e comunicación pública por televisión da obra audiovisual.

Estes dereitos de comunicación pública serán adquiridos calquera que sexa o sistema e modos de emisión empregados: televisión dixital terrestre (TDT), satélite, cable/IPTV e internet, e calquera modalidade de emisión análoga ás mencionadas.

A cesión comprenderá a posta a disposición do público (previa reproducción instrumental da obra) por procedementos con ou sen fíos, de tal forma que calquera persoa poida acceder á obra dende o lugar e no momento que elixa; a título enunciativo e non excluínte inclúense os servizos baixo calquera modalidade de "catch up", vídeo baixo demanda (VOD) e a videogravación remota e calquera outra análoga ás anteriores. Tamén se poderá reproducir e realizar a posta en disposición a través de redes sociais e plataformas de compartición de contidos de forma integra ou fragmentada.

Os devanditos dereitos serán adquiridos en exclusiva, con facultade de cesión exclusiva a terceiros, para todo o mundo e polo tempo máximo establecido no texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, ata a entrada da obra no dominio público.

En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade, a Corporación RTVG adquirirá os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución videográfica e fonográfica en todo tipo de sistemas, xa sexa en réxime de préstamo, alugamento ou de venda directa. Inclúise a exhibición en todo tipo de salas e lugares onde se esixa ou non pagamento de entradas, así como en todo medio de transporte público.

En igual extensión temporal, territorial e de exclusividade, os interesados cederán á Corporación RTVG o dereito de transformación da versión galega da obra audiovisual, incluída a dobraxe e/ou subtitulación a todas as linguas, incluída a propia dos artistas, para a súa explotación en todas as modalidades anteditas.

O devandito dereito de transformación comprenderá, así mesmo, o dereito de edición separada de calquera parte da obra, así como o de sincronización noutras obras audiovisuais.


O exercicio de cada un destes dereitos de explotación efectuarano a Corporación RTVG e os seus cesionarios sen outras limitacións que o respecto ao derecho moral dos autores e demais límites que estableza a lei.

XII. DEFINICIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN.

Aos efectos dunha comprensión plena do contido desta Resolución, debe sinalarse que, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, a Dirección Xeral da Corporación RTVG actúa como órgano de contratación, e polo tanto a adjudicación e formalización dos contratos seleccionados ao abeiro do procedemento regulado, cando a súa contía sexa superior a 250.000 euros. Por delegación daquela, cando o importe sexa inferior a 250.000 euros, compete á dirección de departamento responsable da ÁREA de Contidos.

O órgano de contratación estará asistido pola comisión directiva de programación da Corporación RTVG, que será o órgano a quen corresponda valorar as propostas e a efectuar a proposta de contratación.

A Comisión está composta por:

- 
- ✓ O/A Director/a Xeral.
 - ✓ O/A Director/a de departamento responsable da ÁREA de Contidos.
 - ✓ A Xefa do Servizo de Contidos da Subdirección de Departamento de Programación e Emisións.
 - ✓ O/A Director/a do Departamento de Asuntos Xurídicos.
 - ✓ O/A Director/a do Departamento Económico e de Contabilidade.
 - ✓ Xerencia de Proxecto. Xefa do Servizo OTT.
 - ✓ O/A Xefe/a do Servizo de Xestión, como secretario.

O secretario actuará con voz pero sen voto.

Nas reunións da valoración de proxectos poderán incorporarse os asesores especializados que resulten necesarios, os cales actuarán con voz pero sen voto. Estes asesores poderán ser profesionais de Corporación RTVG ou persoal externo a ela.

XIII. ESPECIFICACIONES TÉCNICAS E LISTADO DE MATERIAIS.

Materiais principais

A produtora deberá entregar os materiais principais en mxf.

Nota: No caso de que os materiais principais sexan en formato vertical, deberá corrixirse a relación de aspecto para convertelos nun formato horizontal 16:9 (.mxf) introducindo ou un “pillarbox” negro ou unha máscara identificativa do programa nas bandas laterais.

A – FORMATO VÍDEO PARA .MXF:

- Resolución: 1920 x 1080
- Frecuencia de cadros: 50 fs
- Mostraxe: 4:2:2
- Bits de cuantificación: 10
- Encapsulado: MXF OP-1a
- Codec de vídeo: XAVC Long Gop 50
- Taxa binaria: 50 Mbps

B- FORMATO AUDIO:

- Codificación: PCM lineal. Estéreo ou canles discretas monoaurais.
- Bits por mostra: 24
- Frecuencia de mostraxe: 48 kHz
- Nivel de sonoridade nas pistas de programa (EBU R128): - 23.0 LUFs
- Nivel de referencia: - 18 dBFS (1 kHz)
- Nivel de pico máximo (Maximum Permitted True Peak Level): -1 dBTP



Pista 1	PGM L (GLG)
Pista 2	PGM R (GLG)
Pista 3	PGM L (GLG)
Pista 4	PGM R (GLG)
Pista 5	INT L (M+E-Soundtrack)
Pista 6	INT R (M+E-Soundtrack)
Pista 7	LOC L
Pista 8	LOC R
Pista 9	Músicas L
Pista 10	Músicas R

PGM (GLG): Máster de emisión (versión galego)

INT L/R: Audio Internacional "(M+E-Soundtrack)" ou (Ambientes). No caso dos audios 5 e 6, priorízase sempre o M+E-Soundtrack sobre os ambientes.

LOC: Insertos, Off, locución.

Músicas: Músicas, "playback".

As músicas entregadas estarán libres de dereitos.

Os arquivos empezarán sempre no código 00:00:00.00 e deixarán sempre 10 cadros "frames" de negro ao principio e ao final de cada contido.

A entrega farase por Ftp, para o que a Corporación RTVG facilitará á produtora un usuario e un contrasinal a tal efecto.

C.- FICHEIRO XML:

A Corporación RTVG facilitará á produtora un ficheiro .xml cos campos de metadatos (título, sinopse, ficha técnica, ficha artística, etc.) que a produtora deberá entregar debidamente cuberta.

D.- DOCUMENTACIÓN: A documentación restante deberá ser entregada en soporte informático:

- Copia dos tratamentos técnicos definitivos.
- Sinopse do programa. Unha descripción xenérica do programa para ilustrar o seu contido nas plataformas da Corporación RTVG.
- Sinopse de capítulo. Debe remitir unha descripción específica de cada capítulo ou episodio.
- Fotografías que sirvan para mostrar o programa nas plataformas da Corporación RTVG. Polo tanto, deben estar especialmente coidadas e non se aceptarán capturas de pantalla nin fotografías de móbiles en baixa calidade. Concretamente:
 - Dúas fotografías xenérica do programa nunha calidade mínima de 1920x1080 a 72ppp.
 - Fotos dos protagonistas do programa ou da serie: imaxes posadas para promoción dos principais protagonistas do programa ou serie (presentadores, personaxes, concursantes, etc.). A produtora fará o seu mellor esforzo para proporcionar imaxes cun fondo branco ou algún tipo de croma que facilite as siluetas.
- Relación de músicas empregadas, con indicación de títulos, tempos, autores, intérpretes e executantes, que deberá entregarse na Asesoría Xurídica da Corporación RTVG.
- Guión ou escaleta e diálogos.
- Cabeceira en formato HD 1920x1080, cando a haxa.
- Fuente tipográfica e fondos gráficos en formato HD 1920x1080.
- Logo-marca: en formato vectorial (eps ou ai) nas súas versións horizontal e vertical, así como as súas diferentes aplicacións en positivo, negativo e en color. Tamén hai que especificar se algún dos elementos gráficos que componen a marca pode utilizarse como "símbolo" de forma independente.
- "Teasers": formato mp4. Este requerimento pode ser eximido no caso de que sexa incompatible coa estratexia dixital que propoña o creador. Concretamente:

- "Teaser" de toda a tempada de entre 15 e 20 segundos en 16:9 para consumo horizontal e vertical que pese menos de 20MB.
- "Trailers" formato 16:9. Este requerimento pode ser eximido no caso de que sexa incompatible coa estratexia dixital que propoña o creador. Concretamente:
 - Un "trailer" de redes sociais de 40 segundos para toda a tempada en formato horizontal e vertical.
- Mínimo de 1 contido extra para redes sociais. Ten que ser algo que engada valor ao produto, non un extracto do contido principal. Duración mínima de 20 segundos e máxima de 2 minutos. En formato horizontal e vertical.

Materiais secundarios

A produtora deberá detallar no documento de memoria de intencións e proposta de estratexia dixital os materiais secundarios que vai entregar, especificando cando sexa necesario a cantidade, tipo de formato e duración.

XIV. APROBACIÓN DA CALIDADE DOS CONTIDOS

A produtora someterá a aprobación da Corporación RTVG o primeiro programa obxecto da produción referido á calidad técnica, calidad lingüística e calidad en función da Memoria de Contidos que se presente nesta convocatoria:

- ✓ Se o citado programa non se axustase aos niveis de calidad antes indicados, esixidos pola Corporación RTVG, a produtora obrígase a modificalo á conta súa ata que alcance o referido nivel no prazo que ao efecto se lle conceda sen alteración do prezo total inicialmente pactado. En caso de incumprimento, será causa de resolución de contrato.
- ✓ Igualmente a produtora deberá modificar á conta súa e no prazo outorgado pola Corporación RTVG todos os programas que constitúan o obxecto da produción e que non se axustasen aos niveis de calidad aprobados no "Episodio patrón de calidad" desta.

XV. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A Corporación RTVG informa que, con base no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas respecto ao tratamento de datos de carácter persoal e á libre circulación deses datos (RGPD) e na lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal que as persoas interesadas nos facilita durante a presentación de proxectos audiovisuais, e que fai referencia a datos de carácter persoal, resulta necesario para o procedemento de presentación. Informamos que ditos datos non serán cedidos a terceiros sen o seu expreso consentimento, salvo obriga legal ou base xurídica que o lexitime, e serán conservados únicamente polo tempo que legalmente corresponda.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade por email, na dirección lopd@crtvg.es, anexando copia do DNI. Tamén poderá presentarse reclamación perante unha autoridade de control.

XVI. RÉXIME XURÍDICO

Os contratos obxecto desta norma quedan excluídos do ámbito de aplicación do texto refundido de a Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co dispuesto no seu artigo 4.1, letra p). Os devanditos contratos terán carácter privado e aplicaráselles o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, así como as demais normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que poidan xurdir entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e resolución destes contratos e mais calquera cuestión litixiosa que afecte a súa preparación e adxudicación.

XVII. ENTRADA EN VIGOR

Esta resolución entrará en vigor o día 11 de xuño de 2025, e non é posible rexistrar propostas dende dito día ata a apertura do prazo indicado nesta resolución.



ANEXO I - FICHA DE REGISTRO

Datos da persoa de contacto a efectos de comunicación e notificación

Nome	Apelidos	NIF
Teléfono	E-mail	Cargo

Datos da persoa autorizada para poder presentar as propostas e asinar o contrato.

Nome	Apelidos	NIF
Actúa en calidad de		

Datos da empresa solicitante

Nome da produtora	CIF/NIF			
Domicilio social				
Municipio/Localidade	CP	Provincia	Pais	Teléfono

Datos do proxecto

Título do proxecto			
Tipo de contidos ¹			
Nº de capítulos		Custo por capítulo (sen IVE)	
Duración ²		Custo total (sen IVE)	
Clasificación por idades ³			
Directo	Si/Non	Imaxes de arquivo ⁴	Si/Non

Sinalar expresamente poñendo unha cruz nunha destas dúas casillas:

- Declaro que o custe total da obra coincide co importe a aboar pola Corporación RTVG, sen que existan axudas, outros ingresos ou recursos destinados a execución da obra que superen o custo total que será o que figura no orzamento.
- Declaro que para a execución da obra contase coa seguinte axuda, ingreso o recurso por importe de Esta cantidade e o importe aboados pola Corporación RTVG non supera o custe total da obra que será o que figura no orzamento..

¹ Ficción; Entretenimento; Divulgación; Infantil// Edutainment; Videopodcast

² Duración en minutos por capítulo.

³ Sobre a base do CÓDIGO DE AUTORREGULACIÓN SOBRE CONTIDOS TELEVISIVOS E INFANCIA

⁴ Para producións realizadas en exclusiva para a Corporación RTVG darase un máximo dun 10% sobre a duración da obra. Calquera duración excepcional terá que ser analizada pola Comisión. Para o resto, será de aplicación as tarifas que se encontran na URL <https://www.crtvg.es/crtvg/vendaimaxes>.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO AUDIOVISUAL	
--------------------------------------	--

DATOS DA PERSOA XURÍDICA

Entidade mercantil que representa:	
NIF:	

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correo electrónico:
Endereço de contacto:		

1.- DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
2. Que non concorren as seguintes circunstancias na empresa que represento:
 - a) Ter solicitada a declaración de concurso voluntario, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declaradas en concurso, salvo que neste adquirira eficacia un convenio ou se iniciara un expediente de acordo extrajudicial de pagamentos, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - b) Ser condenadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade, de disciplina de mercado, de falseamento da competencia, de integración laboral e de igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, ou de estraneiría, de conformidade co establecido na normativa vixente; ou por infracción moi grave en materia medioambiental, de conformidade co establecido na normativa vixente, ou por infracción moi grave en materia laboral ou social, de acordo co disposto no texto refundido da lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, así como pola infracción grave prevista no artigo 22.2. do citado texto.
 - c) Ser condenadas mediante sentenza firme por delitos de terrorismo, constitución ou integración dunha organización ou grupo criminal, asociación ilícita, financiamento ilegal dos partidos políticos, trata de seres humanos, corrupción nos negócios, tráfico de influencias, suborno, fraudes, delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade social, delitos contra os dereitos dos traballadores, prevaricación, malversación, negociacións prohibidas aos funcionarios, branqueo de capitais, delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, a protección do patrimonio histórico e o medio ambiente, ou á pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.
3. Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26

de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.

4. Que a entidade que represento conta coa capacidade de obrar necesaria para contratar coa Corporación RTVG, conforme os preceptos do código civil.
5. Que a entidade que represento conta coa capacidade económica e técnica necesaria para a produción da obra audiovisual que presenta á Corporación RTVG, e comprométese a acreditala ante a Corporación RTVG antes da subscrición do contrato.
6. Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin e a realizar a obra segundo o orzamento que se xunta.
7. Que acreditarei a posesión e validez dos documentos necesarios para contratar coa Corporación RTVG e achegarei ditos documentos cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á formalización do contrato.
8. Que a entidade que represento cumple coa normativa vixente, especialmente o Estatuto dos Traballadores e o convenio colectivo que resulte de aplicación, así como coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualade efectiva de mulleres e homes. Ademais cumple puntualmente coas súas obrigas salariais cos seus traballadores e co pagamento das cotas da Seguridade social.
9. Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
10. Que a entidade que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas:

OPCIÓN (marcar unha das opcións)

- Está ao corrente no pagamento.
- Está exenta, de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- CONSULTA DE DATOS. OPCIÓN (marcar unha das opcións)**A. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS**

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Consulta datos de identidade de persoas físicas

B- OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

- De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran pola Corporación RTVG sexan consultados directamente por esta e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requerida.

3-. SUBCONTRATACIÓN (información non esixible nos proxectos de apoio á producción cinematográfica)

Para a producción da obra declaro que:

- A entidade que represento non ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual
- A entidade que represento ten previsto subcontratar con terceiros a execución da obra audiovisual:

INDICACIÓN PARTE DO CONTRATO SUBCONTRATADA	INDICACIÓN SUBCONTRATISTA	PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN

4- CÓDIGOS ÉTICOS

Manifesta coñecer o sistema de prevención de delitos da Corporación RTVG que se encontra disponible na súa paxina web e o alcance e o contido do Código Ético Institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 (DOG nº 179 do 19 de setembro de 2014), aplicable ás entidades instrumentais do sector público autonómico.

En , o ... de de 2025.

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO III

Don..... con DNI, con domicilio en, en representación de con NIF, en calidad de, ante a Corporación de Radio e Televisión de Galicia, S.A.

DECLARA

Que con relación á obra audiovisual provisionalmente titulada “.....”, a empresa..... con NIF..... é a única titular en réxime de exclusiva, con facultade de cesión a terceiros, da integridade dos dereitos de propiedade intelectual sobre o argumento e guión, incluído o de transformación en obra audiovisual. Dereitos que posúe por telos adquiridos dos seus creadores, para todo o mundo e ata a entrada da obra no dominio público.

O que declara a todos os efectos necesarios perante a Corporación RTVG, S.A. e terceiros, responsabilizándose da súa declaración a todos os efectos previstos na lexislación vixente.

En Santiago de Compostela, a de do 2025

Asdo.: